

A decorative graphic at the top of the page features a wavy line that separates a dark blue-green gradient background from a white background. Below the line, various geometric shapes like triangles, squares, and circles are scattered in shades of green and blue.

Bases do programa Join TFG/TFM

JOIN TFG / TFM
presenta tu trabajo y demuestra lo que vales

Índice de contidos

1. Introducción.....	2
2. Bases de participación no programa Join TFG/TFM	3
2.1 Información xeral	3
2.2 Requisitos de participación no Programa Join TFG/TFM.....	3
2.3 Proceso de Inscripción	3
2.4 Criterios de avaliación.....	4
2.5 Comité de valoración	4
2.6 Premios	4
2.7 Requisitos para o pago.....	4
2.8 Fases.....	5
2.8.1 FASE 0: Inscripción	5
2.8.2 FASE 1: Valoración.....	5
2.8.3 FASE 2: Presentación do TFG/TFM.....	5
2.8.4 FASE 3: Xornada de presentación e entrega de premios.....	5
2.9 Modificacións pola situación sanitaria	5
2.10 Tratamento de datos persoais	5
2.11 Dereito de exclusión dos participantes	5
2.12 Aceptación das bases.....	6
2.13 Comunicación e aceptación	6
2.14 Imaxe.....	6

1. Introducción

BioIncubaTech é a Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía no ámbito da saúde e das tecnoloxías alimentarias as micropemes.

BioIncubaTech é unha iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela (España), financiado pola Fundación INCYDE, englobado e financiado dentro do Programa Operativo FEDER de Crecemento Intelixente 2014ES16RFOP001, a través do Organismo Intermedio Cámara de Comercio de España.

BioIncubaTech forma parte do proxecto “Incubadoras de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía as micropemes”, orientadas a promover unha modernización do tecido produtivo das rexións. As Incubadoras créanse como uns instrumentos tractores alineados cos obxetivos da Estratexia UE 2020 e Horizonte 2020. Cada unha das Incubadoras permitirá promover a cooperación interrexional, así como a colaboración entre os axentes do sector público e empresarial, non so a nivel nacional, senón internacional.

Neste contexto surxe o programa Join TFG/TFM, unha iniciativa integrada dentro do Proxecto BioIncubaTech, co obxectivo de fomentar ou consolidar o interese dos estudantes universitarios polo sector agroalimentario ou sanitario, mediante un programa con formato concurso con dúas categorías (agroalimentación e saúde) no que se premiarán os mellores traballos de cada categoría.

Este programa rematará cun evento no que os gañadores de cada categoría expoñerán os seus traballos e se realizará a entrega de premios, onde os gañadores recibirán unha bonificación económica.

2. Bases de participación no programa Join TFG/TFM

2.1 Información xeral

Estas bases teñen como obxectivo establecer as condicións que deberán cumprir os candidatos deste programa, e, de forma adicional establecer as condicións baixo as que transcorrerá.

O programa Join TFG/TFM ten como formato de concurso dúas convocatorias que se desenrolarán simultaneamente:

- Proxectos de biotecnoloxía enfocados ao sector agroalimentario
- Proxectos de biotecnoloxía enfocados ao sector saúde

2.2 Requisitos de participación no Programa Join TFG/TFM

Calquera estudante que desexe presentarse ao programa Join TFG/TFM, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Os TFG/TFM deberán elaborarse en torno a aplicación da biotecnoloxía nos sectores agroalimentario ou sanitario.
- Realizar a defensa do TFG/TFM en calquera institución universitaria do territorio galego, incluíndo tanto universidades públicas como privadas.
- Os TFG ou TFM deben estar redactados en galego, castelán ou inglés.
- A defensa do TFG/TFM deberá haber sido realizada nos 3 últimos anos académicos (sempre que finalizara antes do 30/09/2021).
- Soamente serán válidos os traballos que obtiverán unha calificación nos seus respectivos centros académicos superior a 5.

O incumprimento de calquera destas condicións imposibilita a participación neste programa.

2.3 Proceso de Inscripción

Os aspirantes deben adxuntar os seguintes documentos:

- Copia do TFG/TFM
- Resúmen descritivo dun máximo de 5 páxinas acerca da relación cos temas en cuestión do TFG/TFM e que aplicación terá o mesmo.
- Fotocopia do DNI.

2.4 Criterios de avaliación

- Cun máximo de 75 puntos valorarase de forma preferente os seguintes criterios:
 - Viabilidade e factibilidade do TFG/TFM: Viabilidade técnica, comercial e económico financeira.
 - Grado de innovación do TFG/TFM
- Os 25 puntos restantes procederán da nota obtida na presentación fronte ao tribunal universitario.

Nota: Teranse en conta aqueles TFG ou TFM que foron valorados sobre 10 e tamén aqueles TFG que foron valorados sobre 8.

No caso dos traballos que foron valorados sobre 10, obterán 5 puntos extra por cada nota que supere o 5.

No caso dos traballos que foron valorados sobre 8, obterán 6.25 por cada nota que supere o 5.

A suma de todas as categorías determinará a nota final de cada traballo.

2.5 Comité de valoración

Os TFG/TFM serán avaliados polo comité coordinador do programa [Join TFG/TFM](#) que exercerá como xurado.

Este comité estará conformado polos representantes da USC e das entidades colaboradoras co proxecto BioIncubaTech.

A súa composición concreta publicarase na páxina web do programa [Join TFG/TFM](#).

2.6 Premios

Repartiranse 3.600€ en premios, 1.800€ en cada categoría.

- Os gañadores do sector agroalimentario obterán 1.000€ o primeiro, 500€ o segundo e 300€ o terceiro.
- Os gañadores do sector sanitario obterán 1.000€ o primeiro, 500 € o segundo e 300€ o terceiro.

A organización reservarase o dereito de declarar desertos os premios se considera que os proxectos non reúnen as condicións necesarias para ser premiados.

2.7 Requisitos para o pago

Os pagos efectuaranse mediante ingreso en conta. Para efectuar o pago os premiados deberán acreditar o cumprimento das bases e proporcionar a documentación requirida (Fotocopia do DNI, datos bancarios, dirección, documento de aceptación do premio, etc..).

Os pagos estarán suxeitos a os impostos e retencións legalmente establecidos.

2.8 Fases

2.8.1 FASE 0: Inscripción

O prazo para realizar a inscrición permanecerá aberto entre o 24/05/2021 e o 30/09/2021, tralo remate deste, os técnicos do Proxecto BioIncubaTech comprobarán que todos os documentos cumpran os requisitos.

2.8.2 FASE 1: Valoración

O comité de valoración avaliará os traballos seguindo os criterios previamente descritos. O 18/10/2021 publicaranse os finalistas na páxina web do programa.

2.8.3 FASE 2: Presentación do TFG/TFM

A presentación do TFG/TFM configúrase coma un encontro onde os finalistas do programa **Join TFG/TFM** defenderán virtualmente ante o comité de valoración do programa as potencialidades dos seus TFG/TFM coa idea de influír na decisión do gañador.

A presentación dos TFG/TFM terá lugar durante o mes de outubro de 2021.

A organización do programa **Join TFG/TFM** informará aos finalistas das características da defensa dos TFG/TFM.

2.8.4 FASE 3: Xornada de presentación e entrega de premios

No mes de novembro de 2021 terá lugar o evento final. Anunciaranse os gañadores, que previamente serán publicados na páxina web do programa e suporá a fase final do programa **Join TFG/TFM**.

2.9 Modificacións pola situación sanitaria

Debido a situación sanitaria actual derivada do COVID-19, é posible que as datas establecidas podan sufrir variacións en función da evolución da pandemia e das restricións establecidas polos organismos públicos competentes.

A organización reservase o dereito de realizar algún cambio nas bases se así o considera, debendo comunicalo na web e informar debidamente a os participantes.

2.10 Tratamento de datos persoais

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar a confidencialidade sobre os datos persoais presentados polos participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logotipo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas do equipo promotor. Os participantes comprométese a gardar confidencialidade sobre os resultados das investigacións da Universidade de Santiago de Compostela postos a súa disposición, sempre que no sexan de dominio público.

2.11 Dereito de exclusión dos participantes

A organización pose o dereito de excluír a aqueles participantes cuxa actitude non sexa a adecuada, ou que non mostren intención de colaborar con BioIncubaTech.

2.12 Aceptación das bases

A participación na presente convocatoria implica a aceptación de todas as condicións expostas no presente documento. A interpretación das bases corresponde a organización e as decisións que tome o xurado serán inapelables.

2.13 Comunicación e aceptación

BioIncubaTech gárdase o dereito a incorporar a os traballos calquera tipo de logo ou símbolo dos seus colaboradores.

2.14 Imaxe

Os participantes no programa [Join TFG/TFM](#) autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.